



P  
X

O

M

DA ESTRADA

DOCUMENTO  
DOCUMENTO REFUNDIDO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA  
SEGUNDO A ORDE DO 3 DE XUÑO DE 2.013

DATA  
XULLO 2013

TOMO IV  
AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATEXICA  
- ESTUDIO DA ZONIFICACIÓN ACÚSTICA

VISIER ARQUITECTOS S.L.P.



## **ESTUDIO DA ZONIFICACIÓN ACÚSTICA.**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CUMPRIMENTO DO RD 1367/2007 EN REFERENCIA Á ZONIFICACIÓN ACÚSTICA DOS USOS DO PXOM.**

1. OBTETO.....	2
2. NORMATIVA DE APLICACIÓN.....	2
3. ZONIFICACIÓN ACÚSTICA: ÁREAS ACÚSTICAS.....	2
3.1. ÁREAS ACÚSTICAS DE TIPO “A”. SECTORES DO TERRITORIO DE USO RESIDENCIAL.....	3
3.2. ÁREAS ACÚSTICAS DE TIPO “B”. SECTORES DE TERRITORIO DE USO INDUSTRIAL.....	3
3.3. ÁREAS ACÚSTICAS DE TIPO “C”. SECTORES DO TERRITORIO CON PREDOMINIO DE USO RECREATIVO E DE ESPECTÁCULOS.....	3
3.4. ÁREAS ACÚSTICAS DE TIPO “D”. ACTIVIDADES TERCIARIAS NON INCLÚIDAS NO EPÍGRAFE “C”.....	3
3.5. ÁREAS ACÚSTICAS DE TIPO “E”. ZONAS DO TERRITORIO DESTINADAS A USOS SANITARIO, DOCENTE E CULTURAL QUE REQUIRAN ESPECIAL PROTECCIÓN CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA.....	4
3.6. ÁREAS ACÚSTICAS DE TIPO “F”. SECTORES DO TERRITORIO AFECTADOS A SISTEMAS XERAIS DE INFRAESTRUTURAS DE TRANSPORTE E OUTROS EQUIPAMENTOS PÚBLICOS QUE OS RECLAMEN.....	4
4. SERVIDUMES ACÚSTICAS EXISTENTES E REVISIÓN DAS MESMAS.....	4



## **MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CUMPRIMENTO DO RD 1367/2007 EN REFERENCIA Á ZONIFICACIÓN ACÚSTICA DOS USOS DO PXOM.**

### **1. OBXETO**

Inclúese no presente anexo a xustificación da zonificación acústica do termo municipal, dando cumprimento ao Artigo 13 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas.

### **2. NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído (transposición da directiva comunitaria).
- Real Decreto 1513/2005, do 16 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de Novembro, do Ruído, no tocante a avaliación e xestión do ruído ambiental. Ten por obxecto previr, vixiar e reducir a contaminación acústica, ruídos e vibracións que impliquen molestia ou dano para as persoas, o desenvolvemento das súas actividades, para os bens de calquera natureza ou para o medio ambiente.
- Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas.
- Real Decreto 1038/2012, do 6 de xullo, polo que se modifica o Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas.

### **3. ZONIFICACIÓN ACÚSTICA: ÁREAS ACÚSTICAS**

Dando cumprimento ao antedito artigo 13, o presente documento de plan xeral inclúe unha zonificación acústica do territorio en áreas acústicas, de acordo coas previstas na Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído.

A zonificación realízase atendendo ao uso característico de cada área. Trátase dun estudo xeral das áreas acústicas de todo o termo, non sendo unha zonificación acústica detallada ante a falta de concreción de usos pormenorizados das zonas de crecemento. No momento de desenvolver os diferentes sectores deberase realizar un estudo máis detallado de cada zona de crecemento.

Estas áreas acústicas clasifícanse en atención ao uso predominante do solo, de acordo coas definidas no Anexo V do Real Decreto 1367/2007. Estas áreas son as seguintes:



### 3.1. ÁREAS ACÚSTICAS DE TIPO “A”. SECTORES DO TERRITORIO DE USO RESIDENCIAL

Inclúense tanto os sectores do territorio que se destinan de forma prioritaria a este tipo de uso, espazos edificados e zonas privadas axardinadas, como as que son complemento da súa habitabilidade tales como parques urbanos, xardíns, zonas verdes destinadas a estancia, áreas para a práctica de deportes individuais, etc..

As zonas verdes que se dispoñan para obter distancia entre as fontes sonoras e as áreas residenciais propiamente ditas non se asignasen a esta categoría acústica, consideraranse como zonas de transición e non poderán considerarse de estancia. Ditas áreas serán desenvolvidas polos planeamentos secundarios.

### 3.2. ÁREAS ACÚSTICAS DE TIPO “B”. SECTORES DE TERRITORIO DE USO INDUSTRIAL

Inclúense todos os sectores do territorio destinados ou susceptibles de ser utilizados para os usos relacionados coas actividades industriais incluíndo; os procesos de produción, os parques de provisión de materiais, os almacéns e as actividades de tipo loxístico, estean ou non afectas a unha explotación en concreto, os espazos auxiliares da actividade industrial como subestacións de transformación eléctrica etc.

De acordo co proposto na ordenación do termo municipal son as seguintes áreas: Solo urbanizable non delimitado de uso industrial.

### 3.3. ÁREAS ACÚSTICAS DE TIPO “C”. SECTORES DO TERRITORIO CON PREDOMINIO DE USO RECREATIVO E DE ESPECTÁCULOS

Inclúense os espazos destinados a recintos feirais con atraccións temporais ou permanentes, parques temáticos ou de atraccións así como os lugares de reunión ao aire libre, salas de concerto en auditorios abertos, espectáculos e exhibicións de todo tipo con especial mención das actividades deportivas de competición con asistencia de público, etc.

### 3.4. ÁREAS ACÚSTICAS DE TIPO “D”. ACTIVIDADES TERCIARIAS NON INCLUÍDAS NO EPÍGRAFE “C”

Inclúense os espazos destinados preferentemente a actividades comerciais e de oficinas, tanto publicas como privadas, espazos destinados á hostalaría, aloxamento, restauración e outros, parques tecnolóxicos con exclusión das actividades masivamente produtivas, incluíndo as áreas de estacionamento de automóbiles que lles son propias etc.



### 3.5. ÁREAS ACÚSTICAS DE TIPO “E”. ZONAS DO TERRITORIO DESTINADAS A USOS SANITARIO, DOCENTE E CULTURAL QUE REQUIRAN ESPECIAL PROTECCIÓN CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA

Inclúense as zonas do territorio destinadas a usos sanitario, docente e cultural que requiran, no exterior, unha especial protección contra a contaminación acústica, tales como as zonas residenciais de repouso ou xeriatria, as grandes zonas hospitalarias con pacientes ingresados, as zonas docentes tales como campus universitarios, zonas de estudo e bibliotecas, centros de investigación, museos ao aire libre, zonas museísticas e de manifestación cultural etc.

### 3.6. ÁREAS ACÚSTICAS DE TIPO “F”. SECTORES DO TERRITORIO AFECTADOS A SISTEMAS XERAIS DE INFRAESTRUTURAS DE TRANSPORTE E OUTROS EQUIPAMENTOS PÚBLICOS QUE OS RECLAMEN.

Inclúense neste apartado as zonas do territorio de dominio público no que se sitúan os sistemas xerais das infraestruturas de transporte viario, ferroviario e aeroportuario.

## 4. SERVIDUMES ACÚSTICAS EXISTENTES E REVISIÓN DAS MESMAS

Neste apartado é importante sinalar que, a pesar de que o termo municipal está atravesado por dúas importantes infraestruturas de comunicación, como son a autoestrada AP-53, a nacional N-525, con intenso tráfico a santiago, a vía do tren a a nova vía do Ave, ningunha delas conta coa definición das súas servidumes acústicas, polo que este aspecto non puido terse en conta.

No entanto, no momento de que se realicen os referidos estudos, deberán de incorporarse ao Plan, tal e como establece o artigo 9.



En canto á calidade acústica, o Anexo II do Real Decreto 1367/2007, establece os obxectivos de calidade acústica para ruído aplicables a áreas urbanizadas existentes, os cales se recollen na táboa seguinte que se incorporan a normativa do PXOM.

Tipo de área acústica		Índices de Ruído		
		Ld	Lle	Ln
e	Predominio uso sanitario, docente e cultural, que requira unha especial protección contra a contaminación acústica.	60	60	50
a	Predominio de uso residencial	65	65	55
d	Predominio de uso terciario, distinto do contemplado no tipo c	70	70	65
c	Predominio de usos recreativo e de espectáculos	73	73	63
b	Predominio de uso industrial	75	75	65
f	Sectores do territorio afectados por sistemas xerais de infraestruturas de transporte ou outros equipamentos públicos que os reclamen.(1)	(2)	(2)	(2)

- (1) Nestes sectores do territorio adoptaranse as medidas adecuadas de prevención da contaminación acústica, en particular mediante a aplicación das tecnoloxías de menor incidencia acústica de entre as mellores técnicas dispoñibles, de acordo co apartado a), do artigo 18.2 da Lei 37/2003, de 17 de novembro.
- (2) No límite perimetral destes sectores do territorio non se superarán os obxectivos de calidade acústica para ruído aplicables ao resto de áreas acústicas colindantes con eles.
- Nota: Os obxectivos de calidade aplicables ás áreas acústicas están referenciados a unha altura de 4 m.»

Valores límite de inmisión de ruído, aplicables a novas infraestruturas viarias, ferroviarias e aeroportuarias e resto de áreas urbanizadas

Tipo de área acústica		Índices de Ruído		
		Ld	Lle	Ln
e	Predominio uso sanitario, docente e cultural, que requira unha especial protección contra a contaminación acústica.	55	55	45
a	Predominio de uso residencial	60	60	50
d	Predominio de uso terciario, distinto do contemplado no tipo c	65	65	55
c	Predominio de usos recreativo e de espectáculos	68	68	58
b	Predominio de uso industrial	70	70	60

Por último establécese a obriga de revisar as áreas acústicas definidas no presente documento, de acordo ao establecido na normativa vixente; na actualidade, o artigo 6 do Real Decreto 1367/2007 cun período máximo entre revisións de 10 anos.

A Estrada, Xullo 2013

Fdº Juan Angel Visier Gil  
Arquitecto redactor